



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE PARA A MELLORA DO ENTORNO, LIMPEZA E POSTA EN VALOR DA PONTE DE SERRAPIO, DA PONTE DE PARADA E DA PONTE DE SAN XURXO.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

#### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Concello de Cerdedo-Cotobade o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Cerdedo-Cotobade para a mellora do entorno, limpeza e posta en valor da Ponte de Serrapio, Ponte de Parada e Ponte de San Xurxo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia de Turismo de Galicia é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución do das actividades de promoción do turismo.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.





**Segundo.-** Ao abeiro do disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de colaboración entre si para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo coordinar as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Así mesmo, os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo, en concreto a “información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.

**Terceiro.-** O Concello de Cerdedo-Cotobade pretende recuperar tres pontes históricas, a de Serrapios, a de Parada e a de San Xurxo, que se atopan no seu territorio, e poñelas en valor mediante a instalación de mesas interpretativas de información. Con esta actuación búscase desestacionalizar a oferta turística, xa que estas pontes atópanse no percorrido de rutas de sendeirismo e de áreas recreativas que se empregan durante todo o ano.

O concello pretende levar a cabo a limpeza destas pontes, que consistirá en actuacións dirixidas a eliminar os elementos acumulados sobre os bens, que poidan producir danos ou impedir a identificación e recoñecemento das estruturas. A limpeza comprende a eliminación das especies vexetais, tanto superiores coma inferiores, que medraron sobre as pontes, e a retirada e depósito tanto de terra como de produtos da degradación da pedra acumulados nas superficies horizontais. Tamén se realizará unha limpeza suave da superficie para atenuar as manchas de humidade e lixo, e unificar o aspecto dos conxuntos.

Ademais instalaranse senllas mesas interpretativas que fagan referencia ó carácter histórico en cada unha das pontes e a súa importancia dentro das sendas.

**Cuarto.-** A través deste convenio, outórgase ao Concello de Cerdedo-Cotobade unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu Regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.





Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei de Contratos do Sector público, aprobado na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen, ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2004, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela  
O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

